

1. Introducción

A elaboración do *II Plan para a Igualdade de Mulleres e Homes do municipio de Covelo (2018-2021)* é un reflexo da vontade expresa do Concello por continuar loitando contra todo tipo de discriminacións que seguen a perpetuar relacións de desigualdade entre as persoas por razón de xénero.

Este II Plan é a continuación do traballo desenvolvido nos I Plan, e vai permitir durante catro anos continuar desenvolvendo políticas de acción positiva en todos os ámbitos co fin de alcanzar a igualdade efectiva entre as mulleres e os homes no concello de Covelo.

O seu obxectivo primordial é traballar na implementación da estratexia de mainstreaming de xénero co fin de que a igualdade de oportunidades sexa realidade en todas as políticas e accións realizadas a nivel municipal.

Este plan pretende ser un documento de traballo, unha ferramenta práctica, concibido e feito á medida das necesidades de mulleres e homes do municipio de Covelo e que xa está a trazar o camiño dunha política municipal concibida e aplicada desde a perspectiva de xénero.

2. Metodoloxía

A elaboración do II Plan de igualdade de oportunidades levouse a cabo a través de varias fases, nas que se contou coa colaboración do persoal técnico das diferentes áreas municipais.

Nunha primeira fase, procedeuse á recollida e á análise da normativa existente en materia de igualdade de oportunidades no ámbito internacional, europeo, estatal e autonómico e das achegas

realizadas polo persoal do concello en canto ao resultado da implementación do I Plan, co fin de coñecer o grao de cumprimento das actuacións establecidas neste e as propostas de mellora e as recomendacións para a elaboración do II Plan.

Nunha segunda fase, pasouse unha enquisa ao persoal do Concello e aos axentes implicado no desenvolvemento do Plan, para avaliar o estado inicial da igualdade en cada un dos departamentos e para coñecer as necesidades e problemas detectados en materia de igualdade no ámbito das súas competencias e a proposta de actuacións que consideraban que era prioritario incluír no novo plan de igualdade con base nas carencias e desigualdades detectadas.

Ao mesmo tempo, solicitóuselles información desagregada por sexo das actuacións realizadas por cada departamento e da situación das mulleres e homes de Covelo no ámbito das súas competencias, que servirían de referencia para elaborar unha diagnose sobre a situación das mulleres e homes no municipio.

Unha vez rematado todo o proceso de recollida de información, procedeuse á realización dun resumo coas principais conclusións da diagnose e proposta futuras de actuación.

O obxectivo deste documento é dar a coñecer e compartir, cos diferentes axentes implicados na igualdade do Concello de Covelo, as principais conclusións acadadas tralo estudo comparativo da situación de mulleres e homes no municipio e as actuacións propostas no II Plan de Igualdade entre Mulleres e Homes.

3. Principais conclusións da diagnose

Na diagnose recóllese as desigualdades debidas ao xénero visibles a partir da análise cuantitativa e cualitativa desde a perspectiva de xénero dos datos aportados polas diferentes áreas municipais e fontes de información secundaria.

A continuación preséntanse as conclusións máis relevantes da diagnose, que estará dispoñible integramente no II plan de igualdade.

- Falta de datos desagregados por sexo nas estatísticas municipais.
- Baixa formación do persoal técnico e xeral do Concello en Igualdade de Xénero.
- Deficiencias na utilización da linguaxe inclusiva ou non sexista.
- Falta de coordinación entre os diferentes axentes implicados na igualdade no municipio.
- Baixa participación de mulleres nas asociacións e en postos de responsabilidade das mesmas.
- Escaso número de actividades dirixidas a xuventude.
- Baixa participación masculina en actividades de voluntariado. (Mercadillo Solidario e Xornadas de Voluntariado).
- Escaso número de actividades culturais e de recoñecemento do papel da muller na cultura e na historia.
- Maior empregabilidade dos homes que das mulleres: Máis afiliacións masculinas á Seguridade Social.
- Maior paro xuvenil feminino.
- Importante taxa de desemprego feminino no intervalo dos 45 aos 49 anos.
- Menor participación feminina nas accións formativas que oferta o Concello.
- Pouca diversificación das accións formativas e participación en función dos roles tradicionais de xénero.

- Deficiencias no transporte público que permitan a conciliación.
- Baixo número de actividades, cursos, obradoiros sobre igualdade entre mulleres e homes e prevención e erradicación da violencia de xénero.
- Roles de xénero interiorizados no ámbito deportivo e escasa potenciación deporte feminino.

4. Áreas de actuación propostas

Considerando estas conclusións da diagnose facemos a seguinte proposta de actuación para recoller no II Plan.

ÁREA DE MAINSTREAMING DE XÉNERO: INTRODUCCIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO

Obxectivo

Promover a incorporación da perspectiva de xénero de forma transversal nas políticas municipais.

Actuacións propostas:

- Fomentar a recollida de datos desagregados por sexo.
- Promover accións formativas dirixidas ao persoal técnico e xeral da administración en Igualdade de Xénero
- Potenciar a utilización dunha linguaxe inclusiva e non sexista.
- Crear un apartado dentro da web do concello sobre Igualdade de Xénero.
- Crear unha Mesa de Igualdade, na que se atopen presentes os principais organismos implicados na Igualdade de Xénero.

- Dar a coñecer e explicar os obxectivos e actuacións propostas do II Plan de Igualdade aos organismos implicados e a comunidade en xeral.
- Realizar un seguimento e avaliación continua da aplicación do Plan.

ÁREA DE ASOCIACIONISMO E PARTICIPACIÓN SOCIAL

Obxectivo

Favorecer a introdución do principio de igualdade en tódolos ámbitos de desenvolvemento da vida sociocomunitaria, potenciando a participación plena de mulleres e homes.

Actuacións propostas:

- Impulsar o asociacionismo das mulleres para a creación e a promoción de novas asociacións
- Fomentar a presenza de mulleres nas asociacións e outros órganos de participación e decisión maioritariamente integradas por homes.
- Realizar actividades culturais e de ocio e tempo de lecer dirixidas a mozos e mozas do municipio.
- Fomentar as actividades de voluntariado, potenciando a participación masculina.

ÁREA DE FORMACIÓN E EMPREGO

Obxectivo

Favorecer o acceso, permanencia e desenvolvemento profesional das mulleres no mercado laboral, incidindo na súa formación.

Actuacións propostas:

- Mellorar a empregabilidade das mulleres, es especial, daquelas con maiores dificultades a través de Itinerarios Personalizados de Inserción Laboral.
- Realizar obradoiros de Inserción Laboral e Técnicas de Busca de Emprego.
- Continuar promovendo a contratación de mulleres nos Plans de Emprego do Concello.
- Realizar xornadas divulgativas no centro de educación secundaria sobre a elección profesional rompendo os estereotipos e roles tradicionais de xénero.
- Promover a capacitación e formación da poboación do Concello en ocupacións que constitúan novos nichos de emprego.
- Ofertar cursos de distintas familias profesionais, promovendo a participación igualitaria de mulleres e homes nas mesmas.
- Potenciar a participación de mulleres no tecido empresarial do municipio, ofrecendo información para a creación de empresas.

ÁREA DE CONCILIACIÓN DA VIDA PERSOAL, LABORAL E FAMILIAR

Obxectivo

Promover a corresponsabilidade e a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

Actuacións propostas:

- Difundir mediante campañas de sensibilización e accións formativas a importancia do reparto equilibrado de responsabilidades familiares entre homes e mulleres.
- Informar as empresas do municipio sobre os Plans de Igualdade nas empresas.
- Continuar informando a poboación sobre os servizos e recursos do concello nesta materia e colaborar con outras Administracións públicas na creación de servizos dirixidos á atención a infancia e outras persoas dependentes.
- Dar continuidade ao servizo de Escolas de Verán no período estival.
- Promover a capacitación dos homes nas tarefas domésticas e de coidados a través de cursos, actividades e obradoiros.
- Fomentar o uso do transporte público, para facilitar a conciliación da vida persoal, laboral e familiar.

ÁREA DE SERVIZOS SOCIAIS E VIOLENCIA DE XÉNERO

Obxectivo

Atender as necesidades das mulleres e as súas demandas de prestacións sociais, así como previr e abordar a violencia de xénero en tódalas súas modalidades e manifestacións, incrementando a implicación de toda a poboación do municipio.

Actuacións propostas

- Dar continuidade ao servizo de información e asesoramento ás mulleres dos recursos e programas sociais existentes, así coma dos requisitos para o acceso aos mesmos.
- Continuar informando ás mulleres vítimas de violencia de xénero sobre os servizos e recursos do concello, en especial, da posibilidade de atención xurídica e/ou psicolóxica no Centro de Información as Mulleres de Pontearreas.
- Establecer unha Mesa de Traballo contra a violencia de xénero na que participen os principais axentes implicados: Servizos Sociais, Centro de Saúde, asociacións, Centros Educativos e Centro de Información as Mulleres.
- Potenciar accións formativas e campañas de sensibilización sobre violencia de xénero (definición, tipos de violencia, ciclo da violencia) dirixidas a toda a poboación do concello, visibilizando tódalas formas de violencia machista.
- Realizar actividades polo día 25 N, Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller, en coordinación cos demais axentes implicados.

ÁREA DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTE

Obxectivo

Impulsar a introdución do principio de igualdade no ámbito educativo, cultural e deportivo para potenciar o desenvolvemento integral das persoas, eliminando as discriminacións en función do sexo.

Actuacións propostas

- Dar continuidade ao programa de reforzo educativo para a obtención do título de Graduado Escolar dirixido a ambos sexos, potenciando a incorporación de mulleres.
- Realizar accións formativas en TICs dirixidas a poboación en xeral, potenciando a participación de mulleres adultas para reducir a fenda dixital de xénero.
- Realizar actividades e accións formativas no C.E.I.P Antonio Blanco Rodríguez para fomentar a igualdade de xénero atendendo tamén a outras variables que produzan discriminacións, como a raza, a etnia, nacionalidade, diversidade funcional, clase social e diversidade sexual.
- Dar continuidade á realización actividades o día 8 de marzo, Día Internacional da Muller, e o 25 de novembro, Día Internacional da Eliminación da Violencia contra Muller.
- Organizar un espazo especializado de "educación en igualdade" na Biblioteca Municipal, co fin de potenciar o uso de materiais e recursos coeducativos.
- Promover a participación equitativa de mulleres e homes nas actividades culturais e de ocio e tempo de lecer que se organicen no municipio.

- Realizar actividades de recoñecemento da labor das mulleres na cultura e na historia.
- Promover a participación equilibrada de mulleres e homes no deporte, potenciando o deporte feminino.

6. Avaliación

O sistema de avaliación deste II Plan de igualdade preséntase como un mecanismo que permite comprobar o grao de consecución dos obxectivos propostos mediante unha serie de indicadores: por un lado, cuantitativos, referidos ao número de persoas beneficiarias, o grao de satisfacción, a eficacia das accións, a súa calidade e utilidade con respecto aos obxectivos globais do plan e os específicos de cada acción; e por outro, cualitativos, cuxo obxectivo é recoller información acerca da opinión e puntos de vista das persoas implicadas na posta en marcha e desenvolvemento do plan.

Como ferramentas de traballo para facilitar o sistema de avaliación do plan, elaborárase unha ficha de avaliación das actuacións que deberán cubrir as persoas responsables da implantación do plan.